

# **PLAN DE DESENVOLVEMENTO DE DIMENSIÓN EUROPEA**

***IES ARCEBISPO XELMÍREZ I***

***Santiago de Compostela***

# ÍNDICE

1. Sinais de identidade e perfil do centro	2
2. Obxectivos xerais do centro	6
3. Obxectivos específicos por areas	7
4. Dimensión Europea	12
5. Necesidades do centro	13
6. Plan de actuación do centro	16
7. Repercusión no centro	18
8. Conclusión	19

# **PLAN DE DESENVOLVEMENTO EUROPEO**

## **1. SINAIS DE IDENTIDADE E PERFIL DO CENTRO**

O IES *Arcebispo Xelmírez I* é un dos institutos máis antigos de Galicia. Forma parte dos *Institutos Históricos* que foron fundados a mediados do século XIX. Durante a súa historia o centro estivo ubicado en edificios históricos de Santiago de Compostela, o Pazo de Fonseca ou a Praza de Mazarelos, e é ao longo da súa historia que se recompilaron fondos importantes que hoxe en día se encontran na Biblioteca Antiga e no Museo de Ciencias, que albergan unha importante colección de libros e de instrumentos científicos. Actualmente o instituto está ubicado no Campus Vida da Universidade de Santiago, en pleno centro da cidade, o que lle permite participar activamente da súa vida social e cultural.

Con respecto á procedencia do alumnado, a maioría vive nun espazo urbano, dentro da cidade ou en localidades moi próximas a ela, tamén contamos con alumnos de zonas rurais e do resto da Comunidade Autónoma de Galicia que vén cursar os estudos do Ciclo Formativo de Grao Medio Laboratorio de Imaxe.. A procedencia económica do noso alumnado ten cambiado significativamente nos últimos anos debido á crise económica que estamos a sufrir. Se antes procedían maioritariamente de clases medias ou media-altas, agora podemos afirmar que en moitas das familias do noso alumnado non hai ingresos económicos fixos, dada a inestabilidade laboral que se vive.

A través da súa historia, o noso centro caracterízase por ser unha das comunidades educativas máis inxeridas do noso país, sempre na busca da mellora educativa, da innovación pedagóxica e da experimentación de novas vías de transmisión educativa e cultural e de comunicación social, así como do cultivo e fomento dos sinais de identidade propia como son a lingua e a cultura galegas.

O instituto, como centro público sostido con fondos procedentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Administración Galega, declárase defensor do ensino público, dunha educación activa e aberta, aconfesional e respectuosa

coa diversidade cultural, racial, ideolóxica e relixiosa de cada un dos seus integrantes, que promove a normalización da lingua galega como sinal de identidade, e ao mesmo tempo reforza o coñecemento doutras linguas e culturas, o que implica unha maior riqueza cultural e unha aproximación á sociedade actual. O traballo do centro está orientado a educar dun xeito crítico, reflexivo, solidario, humanizador, tolerante e participativo.

A calidade do ensino baséase nos principios básicos que conforman a auténtica identidade do noso centro:

- un ensino útil para a vida
- un ensino para a convivencia
- un ensino rico en valores
- un ensino democrático
- un ensino sen exclusións.

O IES *Arcebispo Xelmírez I* ten unha ampla oferta educativa: Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelatos, Educación Secundaria de Adultos (ESA), Ensinanzas Básicas Iniciais Nivel I e II, PCPIS e o Ciclo Medio Profesional de Laboratorio de Imaxe. Na actualidade conta cun plantel de arredor de 90 profesores e máis de 1000 alumnos e alumnas.

O centro caracterizouse desde sempre polo fomento da aprendizaxe autónoma a través do coñecemento do noso contorno e das habilidades e capacidades individuais para extrapolar ese coñecemento a outros ámbitos dun xeito crítico.

Nos últimos anos, o noso centro atópase nun proceso de actualización do ensino aos novos tempos, priorizando o uso das novas tecnoloxías e convertendo as aulas de grupo en aulas materia, de tal xeito que pouco a pouco se van optimizando todos e cada un dos recursos educativos e a aula se converte nun lugar no que se pode desenvolver a información e o coñecemento a través de libros, revistas, cartaces, ordenadores, páxinas web, tics, etc.

Ademais, o noso centro sempre fixo e segue a facer unha clara aposta pola mellora das **competencias lingüísticas**, tanto no que se refire ás linguas oficiais (galego e castelán) como estranxeiras (inglés, francés, alemán e portugués).

Así, por exemplo:

a) Para alén do uso do idioma propio como lingua vehicular das diferentes materias, promocionamos o seu uso dentro e fóra da aula na celebración de conmemoracións e días especiais (semana das Letras Galegas, día da Paz, día do Libro,...) e a asistencia a obras de teatro e outros espectáculos en galego (actividades de conta-contos, lectura de textos), procurando inculcar o coñecemento e aprecio polas manifestacións culturais na lingua propia do noso país. Trátase, en definitiva, de os facer conscientes da pertenza a unha cultura e a unha sociedade con claras características de identidade que se plasman a través do idioma galego, como lingua vehicular do noso país e, xa que logo, do seu ensino.

b) a participación en Seccións Bilingües en Francés (bioloxía e educación física) e Portugués (deseño), onde se pretende fomentar as competencias lingüísticas dos alumnos a través de contidos extra-lingüísticos (CLIL).

c) os programas de intercambios de alumnos con Francia, Alemaña e Portugal, que implican a unha gran porcentaxe do noso alumnado e serven para apreciar, valorar, fomentar o uso das linguas estranxeiras en contextos reais, que conleva o fomento de estratexias sociais e persoais.

d) participación en actividades de Teatro europeo en lingua francesa.

e) programa de intercambio a través das redes sociais (Skype, Wapsapp, Facebook, twitter) con EEUU, programa que promociona non só o uso da lingua estranxeira, senón tamén as competencias dixitais mediante o uso das redes sociais: falan, discuten, interpretan e negocian contidos de interese para as dúas partes. Foméntanse ademais as competencias que buscan *aprender a aprender*, gravando as súas conversas, analizan e melloran a súa pronuncia, entoación, estruturas sintácticas, etc.

Polo que respecta ás **áreas científico-técnicas e matemáticas**, o centro está comprometido con actividades de campo, deseñadas para que o alumnado teña contacto directo co noso contorno natural e o noso desenvolvemento científico. O museo de Ciencias alberga unha grande mostra de aparellos utilizados polo profesorado do centro durante os 150 anos de historia. Ensinar ao alumnado a apreciar, respectar, conservar e divulgar o noso patrimonio científico e natural é un obxectivo prioritario e, por iso, estanse a levar a cabo actividades dentro e fóra do centro que axudan a coñecer mellor o medio en que vivimos. O centro conta, ademais, cun hortos exteriores onde e os alumnos participan en actividades

físicas propias da horta e fáiselles conscientes dos ciclos vitais das plantas, das flores, das herbas aromáticas, alén da observación socioeconómica e o impacto nas economías domésticas dos hortos familiares.

As **áreas de humanidades (historia, arte, literatura, artes plásticas)** teñen un peso esencial no perfil do noso instituto. En primeiro lugar, contamos coa Biblioteca Antiga, froito da recompilación de exemplares. O amor polo patrimonio cultural é un obxectivo clave do noso centro. As saídas e visitas culturais á nosa cidade e a outros lugares do noso entorno, así como a outros países son parte esencial da nosa metodoloxía. Con elas contribuímos á motivación do alumnado pola aprendizaxe auténtica e a súa incorporación ao mundo real dun xeito activo. O coñecemento da literatura, da arte, da historia, non só se limita ao noso contorno, senón que se fai extensíbel a todas as culturas que conforman o noso mundo.

O instituto concede gran importancia ás **áreas artísticas**, educación plástico-visual e debuxo, pintura, música, teatro, e, por suposto, á fotografía e ao deseño gráfico a través do Ciclo Formativo de Grao Medio Laboratorio de Imaxe que se imparte no centro. Entendemos que áreas como estas fomentan a creatividade e axudan a percibir a realidade desde unha dimensión máis humana. A formación práctica dos nosos alumnos e alumnas é un obxectivo esencial e a isto chégase a través de prácticas en empresas ou en institucións locais (FCT) e a través da participación en proxectos LEONARDO de mobilidade internacionais, nas que o alumnado leva adiante actividades relacionadas cos seus estudos e actividades sociais que repercuten no seu crecemento académico, laboral e persoal. O alumnado e o profesorado do Ciclo Medio Laboratorio de Imaxe, participa tamén no Proxecto Arce do ministerio de Educación Cultura e Deporte.

Sabemos que o noso centro conta con recursos físicos e humanos valiosos e imprescindíbeis para realizar a tarefa de ensinar e aprender, mais tamén somos conscientes de que hai necesidades claras para optimizar todos eses recursos e mellorar a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe, proceso aberto que implica un estudo das nosas necesidades e un interese de toda a comunidade educativa por facer as modificacións necesarias para a súa mellora. As necesidades veñen determinadas polas características e o perfil do centro e

das persoas que o integran, das materias e cursos que se imparten, da formación e perfil de noso profesorado, dos intereses, características e necesidades do alumnado.

## **2. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO**

O noso centro ten como gran obxectivo contribuír á formación integral de todos os seus compoñentes, creando unha atmosfera baseada na liberdade responsábel de todos e cada un dos que formamos parte del, fomentando a tolerancia e o respecto pola diversidade, abrindo camiños cara ao futuro a través de contactos con outras culturas e outros modos de vivir e de pensar. Abrirnos ao mundo é primordial e, por iso, pomos énfase en todo tipo de actividades, visitas, xornadas, viaxes de estudo, intercambios, etc., que dean ao instituto unha dimensión internacional e multicultural, contribuíndo á formación integral do alumnado.

Os obxectivos xerais que posibilitan a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe e o desenvolvemento das competencias básicas segundo o Consello de Europa son:

- Facilitar e contribuír á formación do profesorado en todos os campos para que o seu coñecemento reverta dun modo directo e activo na metodoloxía de aula.
- Incentivar a mobilidade de todos os que formamos parte da comunidade educativa para, con isto, poder ser capaces de crecer e madurar persoal e profesionalmente.
- Contribuír a que o centro teña unha atmosfera multicultural, internacional, participando en actividades con outros países e sociedades, que nos permitan coñecer outras culturas e dar a coñecer a nosa propia.
- Incentivar, crear e fomentar un ambiente motivador, valorando as habilidades individuais dos que formamos parte do centro (alumnado, profesorado, persoal non docente, pais e nais) tratando de crear un entorno que favoreza o seu desenvolvemento e contribúa á mellora integral da formación.
- Incentivar, crear e fomentar a educación de todo o alumnado, colaborando na diminución do fracaso escolar, creando un entorno favorábel para o seu desenvolvemento persoal e profesional e ofrecéndolles a posibilidade de elixir e participar en todo tipo de actividades educativas e formativas.

- Proporcionar un ambiente adecuado para o uso das novas tecnoloxías e as redes sociais como elementos favorecedores dunha mellor educación no momento actual.
- Crear un entorno positivo e motivador en relación á aprendizaxe de linguas maternas e estranxeiras, elementos imprescindíbeis para unha mellor educación e un maior entendemento das culturas e das sociedades que nos rodean.
- Fomentar o aprecio, a comprensión e o coñecemento do noso contorno de tal xeito que poidamos extrapolalo a outros ámbitos humano-xeográficos, culturais e sociais, desenvolvendo o espírito crítico e o coñecemento universal.
- Incentivar, crear e fomentar o coñecemento das ciencias, dos aportes científicos e tecnolóxicos e a súa contribución á sociedade actual.
- Proporcionar ao alumnado e profesorado de CLIL a posibilidade de interrelacionarse co medio real, a través da lingua estranxeira e utilizando os coñecementos aprendidos na aula.
- Ofrecer as axudas e os recursos necesarios para que todo o alumnado poida participar en igualdade de condicións en todas as actividades promovidas polo centro.
- Facilitar as axudas necesarias para que o alumnado con necesidades educativas especiais poida participar de todas e cada unha das actividades propostas polo centro.

### **3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS POR ÁREAS DO CURRÍCULO**

#### **3.1. Área das TIC**

##### **Obxectivos:**

- Incorporar a todo o persoal docente ao uso das TIC de tal modo que cheguen a ser ferramentas reais no traballo diario da aula.
- Fomentar a alfabetización dixital de todo o alumnado.
- Propiciar un entorno dixital no centro a través da páxina web e das redes sociais que faciliten a comunicación entre todos os membros da comunidade educativa.



- Fomentar o uso das redes sociais para reforzar o intercambio de ideas e experiencias entre todos os membros da comunidade educativa e entre comunidades educativas distintas.
- Incentivar o uso das novas tecnoloxías como medio de comunicación entre centros dentro e fóra da nosa comunidade xeográfica.
- Facilitar a formación do profesorado no uso, selección e coñecemento das novas tecnoloxías e das redes sociais para poder dese modo educar o alumnado no uso responsable e consciente destas ferramentas.
- Promover o uso das novas tecnoloxías en todos os ámbitos de aprendizaxe e en todos os contextos de comunicación, tanto por parte do alumnado como do profesorado e do persoal non docente.
- Dixitalizar o centro, procurando que as aulas contén co material imprescindible para promover o uso das TIC como ferramentas fundamentais dentro da metodoloxía de ensino–aprendizaxe do instituto.

### **3.2 Área lingüística (linguas Oficiais (Galego e Castelán) e linguas estranxeiras (Inglés, Francés, Alemán e Portugués)**

#### **Obxectivos:**

- Potenciar o coñecemento e desenvolvemento do galego, como lingua propia e oficial na comunidade autónoma.
- Fomentar o uso do galego para equiparalo ao castelán, proporcionando actividades motivadoras dentro e fóra do centro.
- Internacionalizar o uso das linguas oficiais a través de contactos con países de expresión portuguesa e castelá.
- Fomentar a aprendizaxe de linguas estranxeiras a través de proxectos internacionais
- Motivar o alumnado na aprendizaxe de linguas estranxeiras a través de actividades con centros de outros países mediante a realización de intercambios escolares e/ou de actividades a través da web.
- Crear un entorno adecuado para a posta en práctica do aprendido na aula, prestando especial atención ao uso da lingua en contextos reais e multiculturais.

- Concienciar a comunidade escolar do valor das linguas como eixo e fundamento da variedade de sociedades e culturas no mundo.
- Contribuír a que as linguas se aprendan en contextos diversos que enfatizen a utilidade da mesma (CLIL).
- Facilitar que os coñecementos lingüísticos aprendidos na aula poidan ser utilizados dun modo comunicativo e auténtico a través de actividades e contextos reais.
- Proporcionar ao alumnado e ao profesorado o contacto coas linguas estranxeiras dentro e fóra do centro, a través de programas de auxiliares de conversación, proxectos educativos europeos e participación en actividades culturais con outros países.
- Propiciar a comunicación intercultural, fomentando o intercambio de ideas mediante actividades reais ou virtuais.
- Fomentar a través da web o contacto coa lingua estranxeira dun modo natural (prensa dixital, entrevistas online, música, vídeos).
- Promover a formación do profesorado permitindo a actualización da lingua a través de cursos e saídas a países nos que a lingua estranxeira sexa a lingua de uso, o que permite que tanto o profesorado especialista como o profesorado CLIL poida actualizar os seus usos lingüísticos nas parcelas correspondentes.

### **3.3. Area de ciencias sociais e humanísticas (Historia, Arte, Xeografía, Literatura, Filosofía)**

#### **Obxectivos:**

- Axudar o alumnado a comprender os cambios sociais que vivimos.
- Fomentar o espírito crítico, creando contextos multiculturais que contribúan ao seu progreso persoal.
- Ensinarlles a apreciar o patrimonio cultural propio e a valorar o alleo.
- Recuperar, protexer, salvagardar e divulgar o noso patrimonio cultural máis alá das nosas fronteiras.
- Promover actividades que fomenten o aprecio e o coidado polo noso patrimonio: visitas á Biblioteca Antiga, elaborar proxectos que fomenten o coñecemento da nosa

cidade (Proxecto Lector: “Santiago de Compostela a través dos sentidos”), visitas a museos, exposicións, etc.

- Fomentar visitas e actividades a outros centros e a outros países para coñecer outras culturas e outras maneiras de ser e de pensar e saber valorar o propio e o alleo.
- Motivar o alumnado dentro e fora da aula proporcionándolles contextos diversos e multiculturais que os axuden a comprender e valorar a propia identidade.
- Promover estadias noutros países co obxectivo de poder utilizar os coñecementos aprendidos sobre o propio entorno para poder coñecer e valorar o alleo.
- Facilitar que os integrantes do noso centro poidan relacionarse con persoas doutras culturas, colaborar con elas e respectar as súas crenzas e ideoloxías.
- Coñecer os dereitos e deberes dos cidadáns nunha sociedade democrática.
- Fomentar o contacto, real e virtual, con outras culturas e sociedades de xeito que sexan conscientes da diversidade, do que nos fai iguais e nos diferencia, sempre desde o respecto e a liberdade.

### **3.4. Área científico-técnica e matemática (Ciencias Naturais, Física e Química, Matemáticas)**

#### **Obxectivos:**

- Coñecer, valorar, respectar e divulgar os instrumentos científicos e tecnolóxicos que temos no Museo de Ciencias.
- Facilitar as actividades de coñecemento do medio, promovendo viaxes e visitas a outros lugares e a outros países.
- Participar en actividades en que desenvolvan os coñecementos aprendidos na aula e aprendan a valorar e respectar a riqueza natural da que forman parte.
- Contribuír a que o alumnado adquira as destrezas necesarias para entender, expresar e comunicar conceptos e razoamentos matemáticos.
- Entender conceptos espaciais.
- Fomentar a capacidade de utilizar números e operacións matemáticas básicas.

- Contribuír a que aprecien o valor dos avances científicos e a súa importancia no desenvolvemento da sociedade.
- Proporcionar o contexto real adecuado para poder utilizar os coñecementos da materia a través da lingua estranxeira en que se imparte o curso CLIL, promovendo intercambios, viaxes culturais, proxectos europeos que faciliten a integración da lingua de comunicación e os contidos.
- Coñecer e dar a coñecer o patrimonio natural e científico do noso entorno.

### **3.5 Áreas artísticas (Literatura, Arte, Música, Educación Plástica e Visual, Debuxo, Fotografía,)**

#### **Obxectivos:**

- Coñecer e apreciar o noso Patrimonio Artístico (musical, pictórico, fotográfico, multimedia, literario,...)
- Proporcionar ao alumnado as ferramentas necesarias e o contexto axeitado a súa formación académica e profesional.
- Motivar tanto ao alumnado como ao profesorado a través de proxectos artísticos que fomenten a interculturalidade, así como o respecto a outras disciplinas artísticas que representen a outras culturas.
- Facer partícipe ao alumnado de actividades nas que poidan desenvolver os coñecementos previos e adquiridos na aula nun entorno real.
- Facilitarlles o contexto adecuado para poder plasmar os coñecementos das materias a través da lingua estranxeira na que se imparte CLIL mediante viaxes, intercambios, novas tecnoloxías, redes sociais....
- Facilitar a práctica laboral na localidade e na Comunidade Autónoma de Galicia durante a súa formación académica (FCT)
- Promover a mobilidade do alumnado para realizar prácticas profesionais noutras comunidades e noutros países.
- Motivar o alumnado e o profesorado a través de proxectos que integren diversos países e dese modo contribúan á súa formación persoal e profesional.

- Facilitar a estada en centros de formación e empresas doutras comunidades e países para que desenvolvan as súas habilidades e estratexias en contextos profesionais, persoais e familiares.

#### **4. DIMENSIÓN EUROPEA**

*Por que é imprescindible a internacionalización do noso centro?*

Tendo en conta os obxectivos do plan de desenvolvemento escolar, sabemos que o coñecemento do mundo que nos rodea en todas e cada unha das súas manifestacións, contribúe ao noso crecemento individual e colectivo, á nosa educación persoal e profesional, á nosa formación integral. É preciso promocionar actividades que vaian máis alá do noso entorno, facilitar o contacto virtual e real con outras comunidades que nos permitan coñecer, contrastar, valorar as diferentes maneiras de vivir e de facer no mundo actual, así como fomentar a idea de Europa.

É, por iso, que participar en programas internacionais, como ERASMUS +:

- Ofrece a oportunidade de viaxar, de saír do noso entorno e coñecer outras culturas, contribuindo ao noso enriquecemento persoal.
- Fomenta o uso das novas tecnoloxías e das redes sociais entre os participantes dos programas internacionais, contribuindo ao uso responsable e consciente das mesmas.
- Facilita que o alumnado con menos recursos económicos poida participar en iguais condicións mercé ás axudas que aporta Europa a través dos programas educativos ERASMUS +.
- Conciencia o alumno e o profesor da necesidade da aprendizaxe das linguas como elemento vehicular para o coñecemento da sociedade, a cultura e a historia dos países europeos.
- Permite que tanto alumnos como profesores participen activamente doutras culturas, doutras maneiras de vivir e de pensar, modos de enriquecernos mutuamente a través do noso contacto persoal.

- Ofrece unha inmejorable posibilidade de mostrar a nosa propia cultura, a nosa lingua, a nosa historia. Dala a coñecer enriquecéonos e fainos máis orgullosos do noso mundo.
- É a mellor oportunidade que temos os membros da comunidade escolar de comunicarnos na lingua estranxeira nun entorno real e auténtico.
- Favorece a integración dos nosos alumnos e alumnas nunha cultura diferente, factor que as/os fai inequivocamente máis tolerantes e máis sociais.
- Permite que coñezamos outros sistemas educativos, outras estruturas escolares, para xulgar con criterio e dun modo máis obxectivo o que temos, contribuindo, en definitiva, a valorar e mellorar o noso propio sistema.
- Axuda en gran medida a formarnos profesionalmente, a través do coñecemento de outras metodoloxías e sistemas educativos que poidan contribuír á súa posta en práctica.
- Permite que o alumnado participe dun contorno cultural diferente que axude a desenvolver as súas competencias actitudinais e sociais, aprendendo a apreciar e respectar as opinións e costumes dos demais.
- En definitiva, participar en programas internacionais é motivador per se, axuda a crecer persoal e profesionalmente, promove a cooperación e permite mostrarnos como individuos capaces de contribuír ao crecemento da nosa comunidade, a integrarnos activa e participativamente nela e contribuír á súa mellora.

## **5. NECESIDADES DO CENTRO**

De cara á internacionalización da nosa institución, facemos un estudo das necesidades, por unha banda de xestión e organización do centro, e por outra de formación académica, profesional e vocacional de todos os membros da comunidade educativa.

### **a) ORGANIZACIÓN E XESTIÓN**

- Desenvolver unha política de internacionalización do centro, creando lazos con centros de Europa e doutros países do mundo, a través de Etwinning, Skype Educación, Redes Sociais...
- Facer as xestións necesarias para mellorar a conexión a internet que permita utilizar os recursos dixitais dun maneira adecuada e eficaz.
- Mellorar a páxina web do centro, facilitando a súa xestión para que os membros da comunidade educativa poidan facer uso dela como medio de información das actividades, tarefas e proxectos que se desenvolven no centro.
- Posibilitar unha aula para promocionar actividades internacionais a través de vídeo conferencia e fomentando o uso das redes sociais.
- Crear un grupo de traballo que dinamice actividades e proxectos interdisciplinares enfocados a actividades de internacionalización do centro.
- Promover desde a dirección proxectos e actividades de cooperación internacional en todas as áreas do currículo.
- Coñecer distintos modos de xestionar, organizar e administrar os recursos do centro.
- Coñecer e avaliar canles de información e comunicación entre os membros da comunidade escolar (alumno-profesor, administrador-alumno, administrador-pais, profesor-pais...) con obxecto de axilizar e simplificar a xestión administrativa do centro.

## **b) FORMACIÓN DO PROFESORADO E ALUMNADO**

- Abrir canles virtuais que permitan intercambios de experiencias e coñecementos a través das TIC e das Redes Sociais.
- Dinamizar o centro con miras á súa internacionalización, deseñando proxectos interdisciplinares que promovan o interese, coñecemento e divulgación do noso contorno físico, natural, cultural, artístico e social mediante o uso das linguas estranxeiras aprendidas nun contexto formal.
- Localizar centros e institucións que permitan que o profesorado das linguas oficiais poida utilizalas en contextos fóra do noso contorno, participando en proxectos internacionais con países da lusofonía (familiaridade lingüística co galego) e países

de fala castelá respectivamente. Ao igual que coas linguas estranxeiras, precisamos que o noso alumnado coñeza as diferenzas e similitudes socio-culturais a través de linguas de orixe común.

- Ampliar a oferta de materias que se imparte nas dúas linguas estranxeiras dos proxectos Bilingües no centro.
- Proporcionar oportunidades para transmitir coñecementos de contidos extra-lingüísticos a través do uso da lingua inglesa e alemá. Neste sentido, e dada a aposta que o noso centro fai pola aprendizaxe de linguas, debemos conseguir ampliar a oferta de Seccións Bilingües.
- Favorecer a mellora profesional do profesorado que imparte CLIL, participando en cursos de formación, visitas de estudos, observación en centros de ensino, etc. en países en que a lingua vehicular sexa a súa lingua de traballo.
- Promover a mellora da competencia oral nas linguas estranxeiras, fomentando:
  - a) intercambios con países europeos onde desenvolvan as estratexias necesarias para comunicarse oralmente no ámbito familiar, escolar e social.
  - b) proxectos de intercambio virtuais, a través de vídeo-conferencia, skype, onde os alumnos desenvolvan a súa competencia comunicativa na lingua estranxeira mediante a realización de tarefas.
- Localizar centros e empresas onde o alumnado do ciclo de Laboratorio e Tratamento de fotografía, poida desenvolver as súas competencias académicas e profesionais en países estranxeiros, e promover o interese pola aprendizaxe das linguas estranxeiras de uso nos países de formación.
- Solicitar axudas económicas a programas como ERASMUS +, que permitan que todo o noso alumnado poida participar en igualdade de condicións en actividades e proxectos internacionais sen ter en conta o poder adquisitivo das súas familias.
- Fomentar a metodoloxía por proxectos en todas as áreas curriculares, potenciando a multidisciplinaria e motivando ao profesorado e alumnado de cara ao coñecemento de contidos e linguas que favorezan o seu desenvolvemento persoal e profesional.



- Diminuír o fracaso escolar fomentando a participación activa en proxectos internacionais de alumnado en perigo de exclusión, motivándoos.
- Fomentar e solicitar cursos, estancias en centros tecnolóxicos, visitas a outros centros de boas practicas, cursos de capacitación lingüística de ANLs, job shadowing, etc.

## **6. PLAN DE ACTUACIÓN DO CENTRO:**

O IES Xelmírez I sempre mostrou un gran interese pola participación en actividades con outras comunidades e outros países europeos. A proba está nos Proxectos Sócrates, Comenius I, Comenius Multilaterais, Comenius Regio e Programas Leonardo de mobilidade de alumnado de FP que se levaron a cabo neste centro ao longo dos anos. Así mesmo, formamos parte das institucións que visita o profesorado europeo dos Programas de Visita de Estudo organizados polas EOIs da Coruña e Santiago.

O fomento das Seccións Bilingües, a participación en intercambios escolares con Francia, Alemaña e Portugal, a presenza do noso centro en programas de teatro europeos, o proxecto virtual entre un centro de Carolina do Norte (EEUU) e alumnos nosos de inglés, excursións a Londres e a París fomentando o coñecemento cultural que estas cidades nos ofrecen, son a mostra real de que a internacionalización é un requisito imprescindible do noso instituto.

O plan de actuación para cubrir as necesidades que presenta o centro de cara á súa internacionalización son:

- Continuar coas actividades internacionais que forman parte dos dous Proxectos Comenius Multilaterais que temos no centro, realizando as visitas e intercambios de alumnos e profesores, as actividades que fomentan o coñecemento das competencias básicas cun valor internacional engadido, a realización de proxectos conxuntos interdisciplinares entre membros da comunidade educativa e dos outros centros participantes.

- Solicitar dous novos programas ERASMUS + (KA2) para contribuír á mellora das competencias básicas establecidas polo Consello de Europa cun valor europeo engadido. Estes dous programas teñen como obxectivo fomentar o coñecemento doutras culturas e países, facilitando a mobilidade de alumnado e profesorado a contextos onde existe unha motivación real para o uso das linguas estranxeiras (neste caso de Alemán e Portugués). Ademais, fomenta a cooperación entre centros dos mesmos niveis educativos e contribúe á formación do profesorado na medida en que son observadores.
- Motivar aos alumnos en perigo de abandono escolar a participar en proxectos internacionais e favorecer a inclusión nos mesmos do alumnado con menos recursos económicos e con necesidades especiais.
- Solicitar proxectos de mobilidade Erasmus+ (KA1) para alumnado do ciclo medio “Laboratorio e tratamento de imaxe” que favorezan a súa formación académica e o seu proceso de adaptación ao medio laboral, coñecendo metodoloxías diferentes sobre o tratamento da imaxe e participando en empresas estranxeiras que lles permitan ampliar a súa formación.
- Fomentar a mellora da competencia oral en linguas estranxeiras a través das estadias no estranxeiro que promoven os Programas Europeos (COMENIUS, LEONARDO, ERASMUS +), dos proxectos de intercambio escolar que coordinan os departamentos de linguas estranxeiras e todas as actividades que real ou virtualmente potencien o uso da comunicación oral en contextos reais.
- Mellorar o aspecto dinámico da páxina web do centro para facilitar o coñecemento da información de todas as actividades que nel se fan, dunha maneira clara e actualizada.
- Mellorar a comunicación das actividades que se fan dentro dos Proxectos Internacionais na web do centro, creando un espazo dinámico e de uso doado para todas as persoas (profesorado e alumnado) que participan nel.
- Incluír o centro en Etwinning para propiciar máis contactos con países estranxeiros.

- Iniciar intercambios lingüísticos e culturais a outros países europeos, como é o caso de Italia, para promover o coñecemento dunha nova lingua a través do coñecemento dunha cultura e sociedade diferente.
- Continuar co fomento da competencia comunicativa en inglés a través de actividades virtuais co centro de Raleigh, Carolina do Norte (EEUU)
- Continuar coa actuación do centro en Programas Bilingües, participación en proxectos, actividades de teatro internacionais, visitas educativas e culturais a cidades europeas.

## **7. REPERCUSIÓN NO CENTRO**

A participación en programas europeos e en proxectos e actividades de carácter internacional sempre tiveron unha repercusión moi positiva na dinámica do centro. Desde o momento en que a dirección creou a coordinación de proxectos europeos, estase considerando a importancia que para o centro como institución ten o formar parte de Europa e do Mundo.

- Permite a colaboración, a cooperación, o diálogo entre todos os participantes non só se mantéña, senón que medre, que se optimice, que se amplíe a novos horizontes e a novas relacións entre as mesmas, ou distintas, comunidades educativas.
- A internacionalización do centro consegue crear unha atmosfera máis vital e motivadora. Máis aberta a todo tipo de manifestacións culturais que nos fan seres máis tolerantes a través do coñecemento e a comprensión da complexidade social e política de todos os países que hoxe participan activamente da nosa cultura e da nosa sociedade.
- Permite que melloren todas as canles de información e comunicación entre os distintos sectores educativos.
- Contribúe á dixitalización do centro e ao afianzamento do uso das TIC e redes sociais como recursos educativos.

- Contribúe á participación doutras institucións ou empresas da nosa comunidade e á súa implicación na mellora educativa e formativa do noso centro.
- Permite que o profesorado faga unha aposta común na elaboración de proxectos conxuntos e multidisciplinares. Beneficia o traballo en equipo, a contribución individual, o consenso e a cooperación.
- Contribúe á mellora e á unificación de principios metodolóxicos en todas as materias que participan nos proxectos e/ou actividades internacionais. Neste sentido, participar en Programas Educativos Europeos fomenta o noso espírito de traballo colaborador e participativo.
- Incentiva e incrementa a participación activa de toda a comunidade educativa en actividades fóra da aula. Neste sentido, este tipo de programas reduce a distancia entre o ensino formal e o non-formal ou informal. Fai consciente ao profesorado de que o coñecemento académico só ten sentido cando somos capaces de utilizalo na vida real, e permite aos pais e nais entender a necesidade das actividades extra-escolares.
- Incrementa a participación das familias e a conseguinte colaboración co centro e os seus integrantes. Das familias depende, nunha gran porcentaxe, o éxito destes proxectos cando somos receptores de alumnado estranxeiro. As familias contribúen a un mellor coñecemento dos nosos costumes e da nosa cultura.
- Sensibiliza o alumnado no coidado, respecto e aprecio polo Patrimonio Natural e Cultural.
- Consegue que o profesorado e o alumnado aprecien máis e mellor a utilidade de coñecer linguas estranxeiras e se sintan motivados á hora de aprender co obxecto de comunicarse.
- Mellora a competencia comunicativa en linguas estranxeiras, tanto nos alumnos e alumnas como no profesorado.
- Facilita que os países do mundo cos que mantemos relacións académicas e laborais a través de Proxectos Internacionais coñezan a nosa cultura e a nosa lingua e así os fagamos conscientes da complexidade social e cultural da que formamos parte.

## **8. CONCLUSIÓN**

En resumo, as posibilidades de viaxar e coñecer que ofrecen os programas COMENIUS, LEONARDO e ERASMUS+ contribúen á formación integral do alumnado e do profesorado que participa neles, favorece a mellora da competencia oral en linguas estranxeiras, permite que os alumnos coñezan outras realidades no mundo da educación e do traballo e contribúe á dinamización do centro e a colaboración de todos os membros da comunidade educativa.